# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. QUIROGA
CURSO: 2º ESO
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: INGLÉS
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| **Bloque 1. Comprensión de textos orais** | |
| B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. | PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.<br>CCL, CD, CCEC, CSC |
| B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. | PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión).<br>CCL, CD, CCEC, CSC |
| **Bloque 3. Comprensión de textos escritos** | |
| B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e un léxico básicos de uso común e habitual. | PLB3.3. Entende información específica esencial en materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.<br>CCL, CAA, CSC, CCEC, CD |
| B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar. | PLB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados para o seu nivel.<br>CCL, CAA, CSC, CCEC |
| **Bloque 4. Produción de textos escritos** | |
| B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves | PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos |

| | |
|---|---|
| e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo una idea principal en cada parágrafo. | de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc<br>CCL, CAA, CSC, CCEC, CD |
| B4.2. Escribir en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico. | PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.<br>CCL, CAA, CSC, CCEC, CD |
| **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural** | |
| B5.3. Incorporar á produción do texto oral e escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos | PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)<br>CCL, CAA, CSC, CCEC, CD |
| B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente | PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cua, ilingüísticos básicos e partextuais).<br>CCL, CAA, CSC, CCEC, CD |
| | |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>A avaliación final considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas.<br><br>Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo das aprendizaxes anteriores .<br><br>A avaliación das actividades realizadas na fase non presencial terá valor positivo para a cualificación do alumnado.<br><br>Avaliarase o interese, a actitude, o esforzo e a participación do traballo diario que se desenvolverá tanto nas clases online como nas tarefas propostas a través da aula virtual.<br><br>Teranse en conta tanto as habilidades coma as dificultades de cada alumno. |
| | Instrumentos:<br>**Alumnado con avaliación positiva** na 1ª e/ou2ª avaliación e con media aritmética positiva non terá que facer proba específica na 3ª avaliación<br><br>**Alumnado con avaliación negativa** na 2ª avaliación terá que facer unha proba escrita (presencial ou online, dependendo da situación sanitaria do momento). A proba incluirá exclusivamente a materia obxecto de estudio durante a 1ª e 2ª evaluación.<br>A **proba escrita** constará, das seguintes partes:<br>Exercicios gramaticais, e vocabulario .<br>Expresión escrita: redacción de cartas ou *e-mails*, escribir diálogos...<br>Audición dun tema relacionado co explicado na aula con exercicios de elección múltiple. A audición escoitarase dúas veces..<br>Un texto relacionado cun tema tratado na clase e adaptado ao nivel dos alumnos con preguntas para ser contestadas, discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas, localizar información, encher ocos ou outros exercicios que permitan avaliar a súa comprensión lectora.<br>En tódolos casos valorarase a realización das tarefas propostas a través da aula virtual e as clases online. |

**Cualificación final**

Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:

**Alumnado con avaliación positiva** na 1ª e/ou2ª avaliación e con media aritmética positiva poden incrementar a súa cualificación **(ata un 20%)** no caso de realizar adecuadamente as tarefas encomendadas a través da aula virtual.

**Alumnado con avaliación negativa** na 2ª avaliación. Proba obxectiva:

| | |
|---|---|
| Grammar 40% | Reading 10% |
| Vocabulary 30% | Writing 10% |
| Listening 10% | |

**Proba extraordinaria de setembro**

| | |
|---|---|
| Grammar 40% | Reading 10% |
| Vocabulary 30% | Writing 10% |
| Listening 10% | |

**Alumnado de materia pendente**

**Alumnado con materia pendente e con avaliación positiva** na 1ª e/ou2ª avaliación e con media aritmética positiva non terá que facer proba específica na 3ª avaliación.

**Alumnado con materia pendente e avaliación negativa** na 2ª avaliación terá que facer unha proba escrita (presencial ou online, dependendo da situación sanitaria do momento). A proba incluirá exclusivamente a materia pendente obxecto de estudio durante a 1ª e 2ª evaluación.
A **proba escrita** constará, das seguintes partes:
Exercicios gramaticais, e vocabulario .
Expresión escrita: redacción de cartas ou *e-mails*, escribir diálogos…
Un texto relacionado cun tema tratado na clase e adaptado ao nivel dos alumnos con preguntas para ser contestadas, discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas, localizar información, encher ocos ou outros exercicios que permitan avaliar a súa comprensión lectora.
Listening con exercicios . A audición escoitarase dúas veces.
En tódolos casos valorarase a realización das tarefas propostas a través da aula virtual.

| | |
|---|---|
| Grammar 40% | Reading 10% |
| Vocabulary 30% | Writing 10% |
| Listening 10% | |

| **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Fomentaranse as destrezas de vocabulario, gramática, lectura e estratexias de comunicación xa adquiridas nas anteriores avaliacións.<br><br>O alumnado disporá de todo o material necesario a través da aula virtual.<br>O alumnado disporá de xogos de vocabulario, exercicios de gramática, exercicios para compoñer diálogos, actividades web e gravacións dos textos, diálogos e cancións do Student's Book en formato mp3 na páxina da editorial.<br>Todo isto proporciónalle ao alumnado moitas máis oportunidades de practicar o inglés na casa.<br><br>Procurarase unha interacción educativa profesor-alumno.<br>Buscarase que o alumno traballe con contidos que xa posúe. |
| **Materiais e recursos** | Materiais xa utilizados ao longo do curso.<br>Materiais postos a disposición do alumnado a través da aula virtual e as clases online. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |